

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.– Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.– Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro “Común” entre os números C1 e C12, da “FOLLA DE RESPOSTAS”.
- 3.– O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.– Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.– Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na “FOLLA DE RESPOSTAS” é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.– Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.– A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.– Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a “FOLLA DE RESPOSTAS” no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Sinale a resposta INCORRECTA. Segundo o artigo 22 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia as competencias dos órganos xurisdiccionais de Galicia esténdese a:

- A) Na orde penal e social, a todas as instancias e graos, incluídos os recursos de casación e de revisión.
- B) As cuestións de competencia entre órganos xudiciais en Galicia.
- C) Na orde civil, a todas as instancias e graos, incluídos os recursos de casación e de revisión nas materias de Dereito Civil Galego.
- D) Aos recursos sobre cualificación de documentos referentes ao dereito privativo galego que deban ter acceso aos Rexistros da Propiedade.

2. Sinale a resposta CORRECTA, a teor do disposto no artigo 122.1 da Constitución:

- A) A lei orgánica do poder xudicial determinará a constitución, funcionamento e goberno dos Xulgados e Tribunais, así como o estatuto xurídico dos Xuíces e Maxistrados de carreira que formarán un Corpo único, e do persoal ao servizo da Administración de Xustiza.
- B) A lei orgánica do poder xudicial determinará a constitución, designación, funcionamento e goberno dos Xulgados e Tribunais, así como o réxime disciplinario dos Xuíces e Maxistrados de carreira que formarán un Corpo único, e do persoal ao servizo da Administración de Xustiza.
- C) A lei orgánica do poder xudicial determinará a constitución, funcionamento e atribucións dos Xulgados e Tribunais, así como o réxime de incompatibilidades dos Xuíces e Maxistrados de carreira que formarán un Corpo único, e do persoal ao servizo da Administración de Xustiza.
- D) Ningunha resposta é correcta.

3. Sinale a opción CORRECTA segundo o disposto no artigo 18 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia:

- A) O Presidente e os demais membros da Xunta, durante o seu mandato e polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia, non poderán ser detidos ni retidos senón no caso de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra de dito territorio a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.
- B) O Presidente e os demais membros da Xunta, durante o seu mandato e polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia, non poderán ser detidos ni retidos senón no caso de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo á Sala do Penal do Tribunal Supremo. Fóra de dito territorio a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos ante a Audiencia Nacional.
- C) O Presidente e os demais membros da Xunta, durante o seu mandato e polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia, non poderán ser detidos ni retidos senón no caso de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo á Sala Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra de dito territorio a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos ante a Audiencia Nacional.
- D) O Presidente e os demais membros da Xunta, durante o seu mandato e polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia, non poderán ser detidos ni retidos senón no caso de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento, e xuízo á Audiencia Nacional. Fóra de dito territorio a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos na Sala Penal do Tribunal Supremo.

4. Sinale a resposta INCORRECTA. Segundo o disposto no artigo 86 da Constitución Española os Decretos–leis NON poderán afectar, a:

- A) O Ordenamento das institucións básicas do Estado.
- B) O Réxime das Comunidades Autónomas.
- C) O Dereito electoral xeral.
- D) Os dereitos e liberdades dos cidadáns regulados no Título II.

5. Cal das seguintes afirmacións, en relación co artigo 43.3 da Constitución Española, é CORRECTA:

- A) Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo facilitarán a axeitada utilización do ocio.
- B) Os poderes públicos garantirán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo promoverán a axeitada utilización do ocio.
- C) Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e a prevención . Así mesmo facilitarán a axeitada utilización do ocio.
- D) Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física, a prevención e o deporte. Así mesmo promoverán a axeitada utilización do ocio.

6. O Valedor do pobo será designado, segundo o artigo 54 da Constitución, por:

- A) O Parlamento.
- B) As Cortes Xerais.
- C) O Presidente do Goberno.
- D) Polo Rei, a proposta do Presidente do Goberno.

7. A lei de Galicia pola que se fixe a Sede das Institucións Autonómicas Galegas requirirá:

- A) O voto favorable das dúas terceiras partes dos membros do seu Parlamento.
- B) O voto favorable da maioría absoluta dos membros do seu Parlamento.
- C) O voto favorable dunha maioría absoluta dos membros do seu Parlamento e Senado.
- D) O voto favorable das dúas terceiras partes dos membros do seu Parlamento e Senado.

8. Sinale cal das seguintes opcións é INCORRECTA respecto dos medios das facendas locais. Estas nutriranse fundamentalmente.....

- A) De tributos propios.
- B) Da participación nos tributos do Estado.
- C) Da participación nos tributos das Comunidades Autónomas.
- D) Da participación nos tribunos da Deputación Provincial.

9. O artigo 99.5 da Constitución Española dispón que: “Se transcrido o prazo de _____, a partir da primeira votación de investidura, ningún candidato obtivese a confianza do Congreso, o Rei disolverá ambas Cámaras e convocará novas eleccións co refrendo do Presidente do Congreso”. Sinale a opción CORRECTA.

- A) 1 mes
- B) 2 meses
- C) 3 meses
- D) 4 meses

10. Segundo o artigo 14 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia a creación e organización da Institución do Valedor do Pobo no ámbito da Comunidade Autónoma correspóndelle:

- A) Ao Presidente da Xunta de Galicia, previa consulta ao Parlamento.
- B) Ao Parlamento de Galicia, mediante Lei.
- C) Ao Parlamento e ao Senado de Galicia, mediante Lei orgánica.
- D) Ao Presidente da Xunta de Galicia, previo informe do Consello da Xunta.

Preguntas de reserva

1. Sinale a opción CORRECTA. O artigo 136 da Constitución Española, establece que o Tribunal de Contas:

- A) Dependerá directamente das Cortes Xerais e exercerá as súas funcións por delegación delas no exame e comprobación da Conta Xeral do Estado.
- B) Dependerá directamente do Parlamento e exercerá as súas funcións por delegación deste no exame e comprobación da Conta Xeral do Estado.
- C) Dependerá directamente do Presidente do Tribunal de Contas e exercerá as súas funcións por delegación deste no exame e comprobación da Conta Xeral do Estado.
- D) Dependerá directamente do Presidente do Tribunal Supremo e exercerá as súas funcións por delegación deste no exame e comprobación da Conta Xeral do Estado.

2. Sinale a opción CORRECTA. O artigo 125 da Constitución Española dispón que os cidadáns poderán exercer a acción popular e participar na Administración de Xustiza mediante a institución do Xurado...:

- A) Na forma e con respecto a aqueles procesos penais que a lei determine, así como nos Tribunais consuetudinarios e tradicionais.
- B) Na forma e con respecto a aqueles procesos penais e civís que a lei determine, así como nos Tribunais de primeira instancia.
- C) Na forma e con respecto aos procesos que determine a lei, así como nos Tribunais consuetudinarios e tradicionais.
- D) Na forma e con respecto a aqueles procesos penais e administrativos que a lei determine, así como nos Tribunais de primeira instancia.